



## Iniciativa do neurofísico Xurxo Mariño

### O PROXECTO ENCERADO, CIENCIA PARA TODOS FN INTERNET

Un neurofisiólogo da Universidade da Coruña leva adiante, desde hai uns meses, o Proxecto Encerado, unha iniciativa que ten como obxectivo “abrir a ciencia” á sociedade de forma gratuíta, “colgando” en internet todo o que escribe na lousa cando imparte clases ós seus alumnos. Tras cada clase da materia Estrutura e Función do Corpo Humano que imparte na Escola Universitaria de Enfermería de Ferrol, Xurxo Mariño, fotografa o encerado onde debuxou co xiz esquemas ou figuras e o “colga” nunha páxina de internet, [www.culturacientifica.org](http://www.culturacientifica.org), para o uso público.

Mariño asegurou que este método é útil para os estudantes que, deste xeito, poden acceder a toda esta información, ademais das proxeccións que realiza na aula e ós apuntamentos da materia e indica que tamén é un bo servizo para outras universidades.

Pero apuntou que o seu proxecto, co que xa se pode acceder a máis de 20 encerados, “combina técnicas máis tradicionais de ensino con outras máis modernas”, de maneira que “ambas son eficientes”, dixo.

Engadiu que un dos obxectivos da súa iniciativa individual é que calquera persoa allea ó ambiente universitario “teña a posibilidade de achegarse” á materia a través da rede. ● EFE